



INFORMACIÓN XERAL DO PROCESO

Prazo de presentación de solicitudes

Do 1 ao 20 de marzo ata ás 14:00 h

A solicitude presentárase na administración do centro no que desexa matricular o alumno, ou de forma electrónica a través da aplicación admisión alumnado, sempre que se teña a chave 365 ou certificado dixital.

Documentación que debe acompañar a solicitude

- 1.- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta na solicitude
- 2.- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a (DNI)
- 3.- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa (certificación académica)
- 4.- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso

Os representantes legais do alumno tamén deberán indicar se o alumno presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas)

Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada; bastará para iso, co selo do centro

As solicitudes de admisión (ANEXO II) se poden conseguir:

- Sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>. Procedemento ED550B
- Na páxina web da Consellería de Educación e O.U. www.edu.xunta.es/admisionalumnado
- En calquera centro educativo público poderase obter a solicitude de forma gratuíta